

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS-AGEM PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO DE GALICIA NO EVENTO A MÚSICA É O CAMIÑO

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E por outra, Patricia Vanesa Hermida Lago, na súa calidade de presidenta da Asociación Galega de Empresas Musicais (en adiante Asociación), con NIF G36998045, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido nos seus estatutos e na certificación da asemblea extraordinaria do 8.2.2022.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta



de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

No exercicio das súas funcións, a esta Axencia correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Así mesmo, o Ano Santo Xacobeo 2027 foi declarado un acontecemento excepcional de interese público pola súa gran relevancia non só para o turismo galego, senón para todo o territorio. O Xacobeo 2027 debe ser unha celebración que achegue a experiencia e a riqueza do Camiño á poboación residente e que logre fomentar o sentimento de orgullo e pertenza entre esta.

Segundo.- Que a Asociación Galega de Empresas Musicais é unha asociación profesional constituída, segundo os seus estatutos, ao amparo da Lei 19/1977, do 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical, que carece de ánimo de lucro e que ten como fins, ademais da representación dos seus asociados e a promoción dos seus intereses profesionais, laborais, sociais e culturais, entre outros: o intercambio de ideas e experiencias en beneficio do exercicio da profesión de promoción, produción e distribución de concertos musicais; a organización de cursos, seminarios e conferencias; a realización de estudos e informes de interese para o sector; o fomento da prevención de riscos laborais e a seguridade dentro do sector musical, para o cal poderá desenvolver estudos, informes sectoriais e calquera outra acción que se considere precisa; o fomento do turismo cultural en Galicia e a colaboración na promoción de Galicia como destino turístico cultural así como o impulso da imaxe turística de Galicia no desenvolvemento das súas actividades.

A Asociación Galega de Empresas Musicais está integrada por empresas que conforman a cadea de valor da actividade cultural e musical; empresas que realizan actividades de deseño, xestión e produción de eventos de carácter cultural, musical, educativo, social e de entretemento e, en xeral, todas as actividades técnicas e preparatorias para a execución destes eventos ou servizos, incluída a actividade comercial, de representación de artistas, festivais, distribución e xestión



(management). Unha alta representatividade, con 50 empresas asociadas na actualidade, que son a raíz do sector cultural e que resultan fundamentais na industria da cultura, na música e no seu tecido económico.

Terceiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora da competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Cuarto.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 recolle na misión 3. promoción, comercialización, desestacionalización e internacionalización, a medida estratéxica do turismo urbano. A través desta medida promóvese a organización de eventos, como programación cultural específica, actuacións musicais, teatro, festivais, actividades de carácter enogastronómico, deportivos, de cultura urbana, expositivos,... que incentiven a visita as cidades, servindo como detonante da viaxe, en especial para o turismo de “escapada”.

Do mesmo xeito, a misión Galicia, destino auténtico e diferencial recolle como medida estratéxica Galicia é Festa. A través desta medida promóvese Fomento do turismo de festivais como elemento de atracción de persoas que deixan unha pegada económica e social no destino. Aproveitarase a posición da marca Galicia Fest como referencia de calidade e profesionalidade na organización de eventos sustentables, co dobre obxectivo de promover o territorio galego como destino cultural e de poñer en valor outros recursos e produtos da oferta turística local.

Quinto.- Que a Asociación Galega de Empresas Musicais, co lema “A música é o camiño” presenta unha xornada especial dos concertos do Xacobeo que terá lugar o 22 de Maio de 2025 en Madrid que combina un acto promocional na Casa de Galicia cun



gran concerto no Teatro Eslava. A través da música, a cultura e o patrimonio, este evento busca proxectar a esencia do Camiño de Santiago como un fenómeno vivo, contemporáneo e profundamente galego así como promocionar os ciclos de concertos do Xacobeo.

Coa promoción do evento tratase de visibilizar o Xacobeo galego na capital do estado, promocionar os concertos de Xacobeo Galicia, xerar un espazo de encontro entre axentes culturais, institucionais e do sector turístico, potenciar a imaxe de Galicia como destino cultural de referencia e promover artistas galegos nun escenario de grande prestixio.

Madrid é o principal escaparate institucional e mediático do país. Levar o Xacobeo á capital supón unha oportunidade estratéxica para posicionar a marca diante de públicos clave, xerar sinerxías con entidades estatais e reforzar o vínculo entre Galicia e o resto do Estado. Ademais, o Teatro Eslava representa un espazo emblemático, con gran poder de atracción.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considerase axeitado, por razóns de interese público e social, colaborar nas actuacións deste presente convenio coa Asociación, dadas as específicas características desta entidade, xa que o alto grao de representatividade da entidade, ao abarcar unha alta porcentaxe do sector musical galego, con cincuenta empresas asociadas que conforman conxunto de estruturas de produción e creación de moi diversas tipoloxías a nivel profesional; o seu carácter como única entidade aglutinadora do sector musical galego no seu conxunto ao integrar a empresas que realizan actividades de deseño, xestión e produción de eventos de carácter cultural, musical, educativo, social e de entretemento, actividades técnicas, de representación de artistas e polo tanto a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible promover a concorrència con outras entidades.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a promoción conxunta da Comunidade Autónoma de Galicia a través do evento *A música é o camiño*, co fin de consolidar o seu posicionamento como destino de turismo de festivais, sostible e de calidade.

Incluirá as seguintes actuacións:

- Produción do evento incluíndo materiais audiovisuais, escenografía, espectáculos, catering do evento, coordinación técnica e todo aquilo que teña que ver coa celebración da gala.
- Comunicación do evento, tanto no seu deseño, como na execución para converter o acto nun evento do sector.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a celebración das accións obxecto do presente convenio ascende a un total de **104.563,50€ (IVE incluído)** que se distribúen deste xeito:

Concepto	Importe €
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA	61.710
PRODUCCIÓN E COORDINACIÓN TECNICA DO EVENTO	33.093,50
ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN. XESTIÓN	9.760
TOTAL	104.563,50



Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia, financiará o importe 104.563,50€ con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, proxecto 2013 00004, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2025. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións, cubrirá só o custo de realización da actividade sen que a Asociación, obteña beneficio ou lucro industrial algún con esta.

Terceira. Compromisos das partes

A Asociación comprométese a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, e en concreto comprometéndose a:

- Realizar as actividades previstas neste convenio
- Entregar á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
- Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Axencia Turismo de Galicia para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
- A relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa administración en base ao establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a marca turística de Galicia en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo



requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia Turismo de Galicia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

- Achegar a contía prevista na cláusula segunda.
- Colaborar nas actuacións de promoción e divulgación das accións obxecto do presente convenio.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes. Non obstante, a Axencia de Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes



obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Sexta.- Xustificación e pagamento

O pagamento por parte da Axencia Turismo de Galicia efectuarase unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificada a totalidade do convenio por parte da entidade, que debe facerse coa entrega, antes do remate do prazo de xustificación, da seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen, de conformidade co seguinte:

-Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

Non obstante, as facturas sinaladas nos puntos anteriores poderán ser substituída por factura emitida pola entidade á Axencia Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.



Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación na que conste a colaboración da Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o 15 de xullo de 2025.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula cuarta deste convenio, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificacións do convenio

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.



Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.



- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.



Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

O director da Axencia de Turismo de Galicia

A presidenta da Asociación Galega de Empresas Musicais

